

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA O ANO 2023

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2022

SUBSCRIBEN

Dunha parte, Silvia Valdés Díaz de Freijo, secretaria xeral de Medios, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

Doutra parte, M^a Pilar Chapela Villanueva, en representación da sociedade mercantil pública autonómica Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A (en diante, Retegal), en virtude da súa condición de apoderada, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, _____, o 23 de abril de 2021, co número 1.125 da súa orde de protocolo, estando a mesma debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e competencia suficientes para formalizar o presente Acordo de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Secretaría Xeral de Medios

O Decreto 108/2022, do 16 de xuño, determina a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios.

No seu artigo 18 establécese que *“A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 7/2010, xeral de comunicación audiovisual.”*

A Disposición adicional primeira deste Decreto establece que *“quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos para gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propor o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia lles atribúe aos órganos de*

contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...)”.

Segundo. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. é unha sociedade pública autonómica creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro.

O 23.04.2013 publícase no DOG a Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

O artigo 1 do Anexo desta resolución establece que *“Baixo a denominación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (Retegal) constitúese unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu réxime xurídico vén determinado pola Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como, no que proceda, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo título IV da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 2 dos estatutos de Retegal recolle que constituirán parte do seu obxecto social, entre outras, **as actividades de** *“dotación de equipamentos e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou nas que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.*

A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.”

Retegal está adscrita á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través da Área de Infraestruturas e Telecomunicacións, de acordo co establecido no punto 3 da Disposición adicional décima do *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.*

Terceiro. Actuacións.

Con base nos programas de investimentos da Secretaría Xeral de Medios, dentro da iniciativa pública, despregouse a rede de titularidade pública autonómica de comunicación audiovisual, garantindo o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas e permitindo que a maior parte de poboación galega dispoña de acceso a estes servizos.

O Programa de Investimentos para o ano 2023 contempla as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, inclúe as visitas de comprobación técnica de emisións e actuacións de soporte técnico correspondentes.

Cuarto. Medios e recursos.

Retegal conta cos medios técnicos especializados na materia e dispón da estrutura necesaria para facerse responsable da organización e xestión dos traballos a desenvolver e das prestacións encargadas, así como da súa calidade técnica.

Quinto. Colaboración entre entidades do sector público autonómico.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Así mesmo, introduce no seu artigo 8, o concepto de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que "*cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que dispoñan dos medios dos que precisan*".

E prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste senso, Retegal, principal operador de rede de difusión do múltiple autonómico, está a realizar traballos que están vinculados á programación de investimentos en equipamento electrónico e de mellora da cobertura da Televisión Dixital.

En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que Retegal lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización da actuación sinalada anteriormente.

En consecuencia, considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, e de conformidade co disposto polo artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, as partes acordan a formalización dun acordo de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*.

O obxecto do presente Acordo é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización das actuacións precisas para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia dentro do Programa de Investimentos para o ano 2023.

Segunda. *Investimentos e actuacións*.

1. Programa de investimentos. Elaborarase o Programa de Investimentos que incluírá as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que soportan o servizo nas entidades relacionadas no Anexo II.

Incluirase unha estimación económica dos custos de cada unha das actuacións que se vaian realizar no marco do Programa de Investimentos.

Este programa de investimentos elaborárase logo da comprobación técnica realizada nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e a partir dunha análise exhaustiva das necesidades.

Este programa constitúese nun marco de actuacións a desenvolver durante toda a vixencia do acordo e no que se basearán as correspondentes contratacións. Incorporará todas as actividades que poidan xurdir como consecuencia das comprobacións técnicas que se realicen; polo tanto está suxeito a modificacións en función das necesidades e do interese público. Igualmente, comprenderá todos os estudos, proxectos e accións concretas referentes ás actuacións a acometer para materializar os investimentos obxecto das contratacións.

As condicións técnicas figuran no anexo I. A lista de entidades de poboación obxectivo inclúense no Anexo II; poderanse incorporar ou eliminar entidades de poboación en función das necesidades que puidesen xurdir durante o período de vixencia deste acordo.

2. Este programa será elaborado polos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios e de Retegal.

3. A Secretaría Xeral de Medios autoriza a Retegal a, no seu caso, realizar as visitas de comprobación técnicas nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual que sexan da súa titularidade

4. O importe máximo do Programa de investimentos é de 410.000,00 euros.

Terceira. *Contratación.*

1. As sucesivas contratacións derívanse do Programa de Investimentos. Retegal iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e contará tamén coa información facilitada pola Secretaría Xeral de Medios.

2. Corresponderá a Retegal a tramitación, adxudicación e formalización dos contratos, tendo en conta que dispón de medios técnicos especializados na materia obxecto deste Acordo.

Retegal asumirá a constitución do vínculo contractual cos contratistas e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos, nos termos establecidos no artigo 16.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. Corresponde a Retegal a execución dos contratos, tendo en conta as súas capacidades técnicas. Os contratistas quedarán obrigados só ante Retegal, quen asumirá a total responsabilidade na execución da contratación fronte á Secretaría Xeral de Medios.

4. Poderanse empregar os importes das baixas nas licitacións para contratar novos investimentos, logo da súa inclusión no Programa de Investimentos.

Cuarta. *Orzamento. Tramitación anticipada de gasto.*

1. A Secretaría Xeral de Medios financiará a totalidade das actuacións precisas para cumprir co obxecto deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 04.20.461B.603.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, polo importe máximo de 410.000,00 euros.

O importe exacto quedará establecido unha vez que Retegal licite as correspondentes actuacións. En ningún caso, as actuacións executadas suporán un incremento do orzamento máximo.

A Secretaría Xeral de Medios acreditará a plena dispoñibilidade das cantidades a achegar mediante a correspondente retención de crédito.

2. O acordo tramitarase como expediente anticipado de gasto, de acordo co disposto no artigo 2.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 .

Nesta tramitación anticipada poderase chegar á formalización do acordo, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Quinta. Comisión de seguimento, vixilancia e control.

1. Crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que terá as seguintes funcións:

a) Dar a conformidade e propoñer a Retegal e á Secretaría Xeral de Medios a aprobación conxunta do Programa de Investimentos e as súas posibles modificacións.

b) Coordinación, supervisión, seguimento e control da execución das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

c) Garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir. Igualmente poderá revisar as accións previstas no Programa de Investimentos, co fin de adecualas ao correcto cumprimento dos obxectivos previstos, así como, de ser o caso, variar a orde e os prazos das accións previstas, mediando unha xustificación técnica razoada.

d) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo.

2. Esta comisión será paritaria e estará formada, como mínimo, por un representante da Secretaría Xeral de Medios e un representante da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Sexta. Xustificación das actuacións. Achegas.

Retegal presentará á Comisión de seguimento, vixilancia e control un certificado da execución da totalidade das actuacións realizadas ao remate dos traballos, a correspondente documentación xustificativa e, no seu caso, os contratos asinados.

A Secretaría Xeral de Medios realizará as achegas logo da xustificación das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

Sétima. Modificación do acordo.

1. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o acordo poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Esta previsión deberá incorporarse nos pregos de cláusulas administrativas que rexan as contratacións, nos termos establecidos na lexislación aplicable.

Oitava. *Extinción: resolución e efectos.*

1. O presente acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente acordo de colaboración.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo de colaboración.
- e) Denuncia, por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

2. Se cando concorra calquera das causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable, para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena. *Protección de datos.*

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Así mesmo, estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décima. *Réxime xurídico.*

Este Acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No caso de discrepancia na interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo no seno da comisión de seguimento, vixilancia e control, os conflitos resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Undécima. *Vixencia e execución. Prórroga.*

O prazo de execución será como máximo dende o 1 de febreiro ata o 15 de decembro de 2023.

O presente acordo non é prorrogable.

Santiago de Compostela (*asinado dixitalmente*)

A secretaria xeral de Medios	A directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
Silvia Valdés Díaz de Freijo	M ^a Pilar Chapela Villanueva

ANEXO I

CONDICIÓNS TÉCNICAS DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2023

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2023

Defínense neste documento as especificacións técnicas previstas para as actuacións a realizar no Acordo de Colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o programa de investimentos para a mellora e actualización da rede de titularidade pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia, para 2023.

No Programa de Investimentos incorporaranse as actuacións de mellora ou correctoras previstas. Terase en conta para estas propostas a capacitación para traballos en altura, o acopio de equipamento necesario para afrontalo, reposición de novo stock, así como a posta en servizo do equipamento afectado.

Deberá incorporarse un orzamento básico detallado, tendo en conta a as actuacións en altura como a nivel do chan, desprazamentos programados e non programados, etc., así como por tipo de módulo, ben sexa mellora ou corrección. Ditas propostas tipo e orzamento servirán para definir as actuacións técnicas concretas e o material necesario para as melloras e correccións.

Os traballos incluirán como mínimo dúas (2) actuacións por entidade, das descritas no Anexo II. Estas actuacións poderán ser referentes a comprobación técnica de emisións e comprobación técnica de configuracións de sistemas e equipamentos; ou tamén poderán incluír na mesma actuación, ademais do anterior, as accións de mellora e actualizacións correctoras de ser o caso, en función da comprobación realizada, así como o soporte técnico preciso.

Incluiranse as aplicacións informáticas de control, seguimento e rexistro das actuacións, comprobacións, proposta de accións e xeración de informes, así como a documentación xerada necesaria para a tramitación administrativa das diferentes actuacións, aplicacións e documentación a que terán acceso os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios.

O equipamento instalado para o servizo das entidades obxecto desta actuación corresponde aos fabricantes Tredess 2010, S.L., Egatel, S.L. e Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., potencias de menos de 10 W, segundo as recomendacións dos organismos normalizadores de UIT, CEPT e

do ETSI, conforme coa normativa relacionada no eido da comunicación audiovisual televisiva, así como outros elementos estándar no eido da recepción da sinal de comunicación audiovisual televisiva.

Ao equipamento incluído para cada un dos fabricantes seralle de aplicación o principio de neutralidade tecnolóxica e comprende alomenos o seguinte hardware:

- Receptores
- Transmisores
- Canceladores de ecos
- Moduladores
- Sistemas de sincronismo
- Fontes de alimentación enerxética
- Telesupervisión e alarmas
- Filtros multiplexores
- Liñas de transmisión
- Distribuidores de potencia
- Sistemas radiantes
- Antenas de recepción
- Cableado de pequena sinal
- Sistemas eléctricos
- Sistemas de protección e antidescargas
- Armarios rack e elementos de soporte e ancoraxe
- Sistemas de xestión, operación e mantemento
- Sistemas de monitorización, medida e supervisión da radiodifusión
- Sistemas de alimentación ininterrompida

Tamén se incluírá o software necesario para o correcto funcionamento e actualización dos equipos electrónicos.

Ao remate de cada actuación entregárase ante a Secretaría Xeral de Medios un protocolo ou informe da actuación realizada, documentación que virá en formato electrónico.

ANEXO II
Entidades de poboación obxectivo

(Nomenclátor de entidades de poboación do INE para o ano 2020)

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
1	150670001	A CORUÑA	A POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	4093
2	150010910	A CORUÑA	ABEGONDO	VILARDEL	57
3	150021002	A CORUÑA	AMES	A MÁMOA	60
4	150021103	A CORUÑA	AMES	LEBORÁNS	31
5	150061813	A CORUÑA	ARZÚA	RIBADISO	70
6	150070110	A CORUÑA	BAÑA, A	SAN VICENZO	246
7	150120704	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	A PONTE	82
8	150120601	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	O BURGO	51
9	150120206	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	SANTAIA	150
10	150120403	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	XIADÁS	22
11	150130901	A CORUÑA	BRIÓN	ESPARÍS	32
12	150140607	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	PEDROUZO	56
13	150150205	A CORUÑA	CABANAS	A IGREXA	14
14	150160201	A CORUÑA	CAMARIÑAS	AROU	332
15	150160202	A CORUÑA	CAMARIÑAS	CAMELLE	740
16	150160411	A CORUÑA	CAMARIÑAS	SANTA MARIÑA	103
17	150210502	A CORUÑA	CARRAL	A CABRA	55
18	150220402	A CORUÑA	CEDEIRA	ARÓN	85
19	150220304	A CORUÑA	CEDEIRA	CAMPO DA CRUZ	45
20	150220721	A CORUÑA	CEDEIRA	TEIXIDO (SANTO ANDRÉ)	49
21	150230301	A CORUÑA	CEE	CEE	3839
22	150230403	A CORUÑA	CEE	LIRES	144
23	150230511	A CORUÑA	CEE	SAN XOSÉ	69
24	150230407	A CORUÑA	CEE	TEDÍN	69
25	150240417	A CORUÑA	CERCEDA	MEIRAMA	253
26	150240108	A CORUÑA	CERCEDA	O CAMPO DA FEIRA	1379
27	150240532	A CORUÑA	CERCEDA	QUEIXAS	412
28	150250332	A CORUÑA	CERDIDO	A VILA DA IGREXA	83
29	150250121	A CORUÑA	CERDIDO	AS FELGOSAS	109
30	150270507	A CORUÑA	COIRÓS	OS LOUREIROS	74
31	150310807	A CORUÑA	CULLEREDO	A LAXE	991
32	150310701	A CORUÑA	CULLEREDO	ORRO	995
33	150320152	A CORUÑA	CURTIS	TEIXEIRO	1185
34	150340201	A CORUÑA	DUMBRÍA	ANSEÁN	92
35	150340301	A CORUÑA	DUMBRÍA	BUXÁN	127
36	150350613	A CORUÑA	FENE	AS CENTEEIRAS	224
37	150360406	A CORUÑA	FERROL	DONIÑOS	144
38	150360204	A CORUÑA	FERROL	MONTECURUTO	114
39	150360901	A CORUÑA	FERROL	VILA DA AREA	197

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
40	150370302	A CORUÑA	FISTERRA	FISTERRA	2724
41	150370404	A CORUÑA	FISTERRA	PADRIS	42
42	150380210	A CORUÑA	FRADES	SANAMIL	53
43	150390410	A CORUÑA	IRIXOA	O PAZO DE IRIXOA	36
44	150410209	A CORUÑA	LARACHA, A	A PEDREIRA	71
45	150400610	A CORUÑA	LAXE	MÓRDOMO	112
46	150420206	A CORUÑA	LOUSAME	A ESCABIA	72
47	150420501	A CORUÑA	LOUSAME	ABEIXÓN	62
48	150420408	A CORUÑA	LOUSAME	CROÍDO	216
49	150451207	A CORUÑA	MAZARICOS	A PICOTA	352
50	150450615	A CORUÑA	MAZARICOS	SUEVOS	70
51	150461001	A CORUÑA	MELIDE	FURELOS	126
52	150480503	A CORUÑA	MIÑO	LEIRO	74
53	150500107	A CORUÑA	MONFERO	O CANEDO	46
54	150530804	A CORUÑA	MUROS	LESTÓN DE ARRIBA	53
55	150530301	A CORUÑA	MUROS	LOURO	832
56	150530203	A CORUÑA	MUROS	O MAIO	669
57	150530206	A CORUÑA	MUROS	REBOREDO	49
58	150530702	A CORUÑA	MUROS	TAL DE ARRIBA	223
59	150521211	A CORUÑA	MUXÍA	QUINTÁNS	175
60	150521303	A CORUÑA	MUXÍA	TOURIÑÁN	49
61	150550328	A CORUÑA	NEDA	GANDARELA	43
62	150560702	A CORUÑA	NEGREIRA	CASTELÁN	24
63	150560001	A CORUÑA	NEGREIRA	NEGREIRA	4029
64	150560104	A CORUÑA	NEGREIRA	PESADUIRA	152
65	150560302	A CORUÑA	NEGREIRA	PORQUEIRA	36
66	150560509	A CORUÑA	NEGREIRA	VILASERÍO	57
67	150570507	A CORUÑA	NOIA	MIROU	36
68	150580309	A CORUÑA	OLEIROS	A XESTA	123
69	150610825	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SAN XOÁN	165
70	150612377	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SANTA MARÍA	386
71	150620611	A CORUÑA	OUTES	LANTAROU	94
72	150620614	A CORUÑA	OUTES	MOLEDO	31
73	159021504	A CORUÑA	OZA-CESURAS	LOIS	228
74	150650211	A CORUÑA	PADRÓN	O PEDROSO DO VENDAVAL	93
75	150660801	A CORUÑA	PINO, O	AMARELLE	83
76	150660108	A CORUÑA	PINO, O	O PEDROUZO	924
77	150680501	A CORUÑA	PONTECESO	O PORTO DE CORME	1068
78	150701111	A CORUÑA	PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	GOENTE	108
79	150710604	A CORUÑA	PORTO DO SON	CARBALLOSA	206
80	150720504	A CORUÑA	RIANXO	RIANXIÑO	338
81	150730618	A CORUÑA	RIBEIRA	OLEIROS	671

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
82	150740303	A CORUÑA	ROIS	LIÑARES	66
83	150740805	A CORUÑA	ROIS	O SISTO	270
84	150750605	A CORUÑA	SADA	SADA DE ARRIBA	309
85	150760707	A CORUÑA	SAN SADURNIÑO	CORNIDE	173
86	150770808	A CORUÑA	SANTA COMBA	A ILLA	90
87	150770105	A CORUÑA	SANTA COMBA	O COUTO	89
88	150781203	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	FRENSA	29
89	150782807	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	VILAR DE OUTEIRO	40
90	150790101	A CORUÑA	SANTISO	AGRO DO CHAO	24
91	150790202	A CORUÑA	SANTISO	CHORÉN	54
92	150800820	A CORUÑA	SOBRADO	SOBRADO	257
93	150810422	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A GARITA	32
94	150810427	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A IGREXA	218
95	150820102	A CORUÑA	TEO	CACHEIRAS	1351
96	150820107	A CORUÑA	TEO	FEROS	283
97	150830209	A CORUÑA	TOQUES	PONTE QUEIMADAS	44
98	150841015	A CORUÑA	TORDOIA	PIÑEIRO	109
99	150851506	A CORUÑA	TOURO	A MUÍÑA	90
100	150851703	A CORUÑA	TOURO	FONTE DÍAZ	446
101	150880201	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	BEMBIBRE	1080
102	150881105	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	INSUA	64
103	150870202	A CORUÑA	VALDOVIÑO	CANDAÍL	54
104	150870410	A CORUÑA	VALDOVIÑO	LAVACERIDO	87
105	150870119	A CORUÑA	VALDOVIÑO	O VILAR DE LAGO	125
106	150891209	A CORUÑA	VEDRA	SOBREDO	37
107	150910121	A CORUÑA	VILARMAIOR	RIEIRO	29
108	150900507	A CORUÑA	VILASANTAR	FORO	108
109	150920704	A CORUÑA	VIMIANZO	A DEVESA	46
110	150920101	A CORUÑA	VIMIANZO	BAÍNAS	267
111	150920702	A CORUÑA	VIMIANZO	CARNÉS	189
112	150920706	A CORUÑA	VIMIANZO	MOREIRA	40
113	270010101	LUGO	ABADÍN	ABADÍN	113
114	270011403	LUGO	ABADÍN	O BARRAL	17
115	270020502	LUGO	ALFOZ	AS ACERNADAS	17
116	270040801	LUGO	BALEIRA	A LASTRA	53
117	270040501	LUGO	BALEIRA	O CÁDAVO	166
118	270040221	LUGO	BALEIRA	VILARDOI	19
119	279011304	LUGO	BARALLA	MATELA	34
120	270061304	LUGO	BECERREÁ	AS PONTES DE GATÍN	15
121	270620603	LUGO	BECERREÁ	VILOUTA DE ABAIXO	9
122	270070101	LUGO	BEGONTE	BAAMONDE	216
123	270070601	LUGO	BEGONTE	INSUA	53

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
124	270080101	LUGO	BÓVEDA	BÓVEDA	389
125	270080901	LUGO	BÓVEDA	RUBIÁN	270
126	279020001	LUGO	BURELA	BURELA	9498
127	270091801	LUGO	CARBALLEDO	A BARRELA	217
128	270100601	LUGO	CASTRO DE REI	CASTRO DE REI	200
129	270100906	LUGO	CASTRO DE REI	O CASTRO	776
130	270113701	LUGO	CASTROVERDE	CASTROVERDE	344
131	270111304	LUGO	CASTROVERDE	FURÍS DE ABAIXO	43
132	270120509	LUGO	CERVANTES	A DEGRADA	25
133	270120804	LUGO	CERVANTES	DONÍS	12
134	270121901	LUGO	CERVANTES	O FABAL	10
135	270121806	LUGO	CERVANTES	VILARELLO DA IREXA	50
136	270122007	LUGO	CERVANTES	VILASPANTES	11
137	270130608	LUGO	CERVO	SARGADELOS	69
138	270162502	LUGO	CHANTADA	A EIREXE	31
139	270170203	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FERREIROS DE ARRIBA	64
140	270170204	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FOLGOSO DO COUREL	172
141	270170804	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FROXÁN	31
142	270170703	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	MOREDA	29
143	270170501	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	NOCEDA	46
144	270170403	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PADERNE	35
145	270170706	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	SEOANE DO COUREL	77
146	270170502	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	TEIXEIRA	47
147	270180901	LUGO	FONSAGRADA, A	A FONSAGRADA	1077
148	270182101	LUGO	FONSAGRADA, A	A POBRA DE BURÓN	105
149	270181208	LUGO	FONSAGRADA, A	LAMAS DE MOREIRA	29
150	270182505	LUGO	FONSAGRADA, A	NOCEDA	9
151	270182305	LUGO	FONSAGRADA, A	ROZABRAGADA	15
152	270182210	LUGO	FONSAGRADA, A	SAN PEDRO	16
153	270181214	LUGO	FONSAGRADA, A	SEOANE	28
154	270181107	LUGO	FONSAGRADA, A	VILARMEÁN	58
155	270190606	LUGO	FOZ	FONDO DE NOIS	508
156	270190505	LUGO	FOZ	FORXÁN	280
157	270190206	LUGO	FOZ	O SISTO	49
158	270190510	LUGO	FOZ	REIRIZ	27
159	270201508	LUGO	FRIOL	PORTOSCARROS	1
160	270430207	LUGO	FRIOLFE	LUGO	27
161	270241101	LUGO	INCIO, O	A CRUZ DO INCIO	211
162	270242402	LUGO	INCIO, O	A FERRERÍA	30
163	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	90584
164	270283202	LUGO	LUGO	MUXA DE ABAIXO	137
165	270290113	LUGO	MEIRA	MEIRA	910

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
166	270300704	LUGO	MONDOÑEDO	ESTELO	50
167	270301402	LUGO	MONDOÑEDO	O CASAL	20
168	270321505	LUGO	MONTERROSO	MONTERROSO	2030
169	270330533	LUGO	MURAS	MURAS	91
170	270341202	LUGO	NAVIA DE SUARNA	A PROBA	269
171	270341408	LUGO	NAVIA DE SUARNA	MURIAS DE RAO	32
172	270341902	LUGO	NAVIA DE SUARNA	VALLO	17
173	270350402	LUGO	NEGUEIRA DE MUÑIZ	NEGUEIRA	41
174	270370202	LUGO	NOGAIS, AS	ESPARIZ	13
175	270370806	LUGO	NOGAIS, AS	TORÉS	75
176	270380428	LUGO	OUROL	VILARES	36
177	270391513	LUGO	OUTEIRO DE REI	URBANIZACIÓN O SALETE	292
178	270401401	LUGO	PALAS DE REI	CURBIÁN	37
179	270411104	LUGO	PANTÓN	FRONTÓN	36
180	270411702	LUGO	PANTÓN	O BARREAL	31
181	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	244
182	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	244
183	270450601	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	LOUZARELA	61
184	270451209	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	VEIGA DE BRAÑAS	29
185	270461501	LUGO	POL	MOSTEIRO	219
186	270480305	LUGO	PONTENOVA, A	A PONTENOVA	769
187	270480503	LUGO	PONTENOVA, A	RECELENDE	120
188	270480703	LUGO	PONTENOVA, A	VILAMEÁ	156
189	270480901	LUGO	PONTENOVA, A	VILAOURUZ	36
190	270500301	LUGO	QUIROGA	BENDOLLO DE FEAIS	55
191	270501514	LUGO	QUIROGA	CONCEADO	18
192	270510616	LUGO	RIBADEO	A PALMEIRA	65
193	270510801	LUGO	RIBADEO	RIBADEO	6856
194	270530508	LUGO	RIBEIRA DE PIQUÍN	SANTALLA	69
195	270540601	LUGO	RIOTORTO	A AUGAXOSA	54
196	270552004	LUGO	SAMOS	SAMOS	144
197	270550805	LUGO	SAMOS	SANTA MARIÑA	24
198	270581803	LUGO	SAVIÑA O, O	PESQUEIRAS	24
199	270610425	LUGO	TRABADA	A RETORTA	29
200	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	203
201	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	203
202	270620704	LUGO	TRIACASTELA	TRIACASTELA	120
203	270640504	LUGO	VICEDO, O	O FOLGUEIRO	80
204	270640726	LUGO	VICEDO, O	O VICEDO	761
205	270660502	LUGO	VIVEIRO	AREA	78
206	270660324	LUGO	VIVEIRO	PEDREIRA	27
207	270660713	LUGO	VIVEIRO	TOXEIRAS	94

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
208	270210913	LUGO	XERMADE	A CASANOVA	75
209	270210703	LUGO	XERMADE	O CAMPO DA FEIRA	62
210	270250804	LUGO	XOVE	CAMBA	63
211	270250518	LUGO	XOVE	VILA	45
212	270250405	LUGO	XOVE	VILAPOL	74
213	320800302	OURENSE	A TEIXEIRA	CRISTOSENDE	35
214	320030120	OURENSE	ARNOIA, A	VILA TERMAL	192
215	320040302	OURENSE	AVIÓN	AVIÓN	266
216	320050104	OURENSE	BALTAR	SAN PAIO	104
217	320060101	OURENSE	BANDE	BANDE	619
218	320071001	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	PRESQUEIRA	87
219	320070209	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	VILAMEÁ	20
220	320100201	OURENSE	BEADE	AS REGADAS	45
221	320110102	OURENSE	BEARIZ	BEARIZ	314
222	320130605	OURENSE	BOBORÁS	FEÁS	217
223	320131505	OURENSE	BOBORÁS	O REGUEIRO	106
224	320131406	OURENSE	BOBORÁS	PAZOS DEARENTEIRO	121
225	320130701	OURENSE	BOBORÁS	XENDIVE	78
226	320150801	OURENSE	BOLO, O	AS ERMIDAS	53
227	320160101	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	CALVOS	116
228	320160602	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	RANDÍN	76
229	320160901	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	VILA	39
230	320170301	OURENSE	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	CASAI	300
231	320190501	OURENSE	CARBALLIÑO, O	O CARBALLIÑO	11412
232	320210101	OURENSE	CASTRELO DO VAL	CAMPOBECERROS	86
233	320210903	OURENSE	CASTRELO DO VAL	SERVOI	48
234	320230108	OURENSE	CASTRO CALDELAS	OS MUIÑOS	3
235	320231302	OURENSE	CASTRO CALDELAS	PENELAS	23
236	320240105	OURENSE	CELANOVA	ERMIDE	24
237	320290502	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	A VENTOSA	3
238	320290501	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	CELEIROS	79
239	320260401	OURENSE	COLES	CAMBEO	313
240	320310202	OURENSE	ESGOS	CALSOMIRO	9
241	320340401	OURENSE	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	663
242	320351003	OURENSE	IRIXO, O	PARADA	75
243	320390701	OURENSE	LAZA	MATAMÁ	147
244	320400503	OURENSE	LEIRO	LEIRO	534
245	320410403	OURENSE	LOBEIRA	AS QUINTAS	120
246	320421003	OURENSE	LOBIOS	A HERDADIÑA	21
247	320420205	OURENSE	LOBIOS	PRANCIBE	37
248	320420905	OURENSE	LOBIOS	TORNEIROS	62
249	320440204	OURENSE	MANZANEDA	LANGULLO	57

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
250	320470304	OURENSE	MERCA, A	FARAMONTAOS	47
251	320480101	OURENSE	MEZQUITA, A	CÁDAVOS	75
252	320491302	OURENSE	MONTEDERRAMO	MONTEDERRAMO	153
253	320491202	OURENSE	MONTEDERRAMO	VILARIÑO FRÍO	42
254	320511101	OURENSE	MUIÑOS	GUNTUMIL	111
255	320510501	OURENSE	MUIÑOS	XERMEADE	85
256	320521213	OURENSE	NOGUEIRA DE RAMUÍN	O COITELO	15
257	320580401	OURENSE	O PEREIRO DE AGUIAR	CACHAMUIÑA	187
258	320542209	OURENSE	OURENSE	QUINTELA	133
259	320541302	OURENSE	OURENSE	REZA	115
260	320541709	OURENSE	OURENSE	UNTES	184
261	320560309	OURENSE	PADRENDA	A FRIEIRA	121
262	320560208	OURENSE	PADRENDA	FREÁNS	25
263	320560525	OURENSE	PADRENDA	PONTE BARXAS	114
264	320580705	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	A VENDA	87
265	320580207	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	URBANIZACIÓN TAPADA DE BOUZAS	438
266	320581310	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	VILARIÑO	301
267	320590901	OURENSE	PEROXA, A	OS PEARES	60
268	320590209	OURENSE	PEROXA, A	PAZOS	25
269	320610104	OURENSE	PIÑOR	PIÑOR	98
270	320640119	OURENSE	PONTEDEVA	ALDEA DE DEVA	176
271	320660101	OURENSE	QUINTELA DE LEIRADO	XACEBÁNS	66
272	320680302	OURENSE	RAMIRÁS	O PICOUTO	133
273	320710205	OURENSE	RIÓS	A VEIGA DO SEIXO	33
274	320710201	OURENSE	RIÓS	CASTRELO DE CIMA	36
275	320710701	OURENSE	RIÓS	CORTEGADA	41
276	320750207	OURENSE	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	REBOREDO	494
277	320760711	OURENSE	SAN CRISTOVO DE CEA	PIELAS	40
278	320700903	OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	A CRUZ	15
279	320780301	OURENSE	SARREUS	CORTEGADA	127
280	320800101	OURENSE	TEIXEIRA, A	O POMBAR	44
281	320810302	OURENSE	TOÉN	MOREIRAS	674
282	320810508	OURENSE	TOÉN	PUGA	128
283	320810202	OURENSE	TOÉN	QUENLLE	36
284	320810801	OURENSE	TOÉN	XESTOSA	104
285	320830101	OURENSE	VEIGA, A	BAÑOS	51
286	320840202	OURENSE	VEREA	BANGUESES DE ARRIBA	51
287	320850301	OURENSE	VERÍN	FECE DE ABAIXO	310
288	320850401	OURENSE	VERÍN	FECE DE CIMA	63
289	320850701	OURENSE	VERÍN	PAZOS	689
290	320851101	OURENSE	VERÍN	TAMAGOS	169
291	320860501	OURENSE	VIANA DO BOLO	FORNELOS DE FILLOÁS	38

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
292	320863201	OURENSE	VIANA DO BOLO	VIANA DO BOLO	1456
293	320863501	OURENSE	VIANA DO BOLO	VILASECO DA SERRA	18
294	320870803	OURENSE	VILAMARÍN	BORULFE	57
295	320881001	OURENSE	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	VALENCIA DO SIL	70
296	320890404	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PORTO	104
297	320890601	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PRADO	42
298	320910204	OURENSE	VILARDEVÓS	LAMASDEITE	51
299	320910802	OURENSE	VILARDEVÓS	TERROSO	174
300	320911101	OURENSE	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	254
301	320920602	OURENSE	VILARIÑO DE CONSO	PRADOALBAR	30
302	320321601	OURENSE	XINZO DE LIMIA	A PENA	110
303	320360209	OURENSE	XUNQUEIRA DE AMBÍA	SALGUEIROS	39
304	360010604	PONTEVEDRA	ARBO	ROZAS	84
305	360080502	PONTEVEDRA	CANGAS	O IGREXARIO	724
306	360080505	PONTEVEDRA	CANGAS	PINTÉNS	268
307	360090746	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	O TOUZAL DO BARREIRO	22
308	360090321	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	XUNQUEIRAS	30
309	369020707	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO	363
310	369021003	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	COVAS	30
311	369020306	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	PAZOS	124
312	360131009	PONTEVEDRA	COVELO	A IGREXA	107
313	360140520	PONTEVEDRA	CRECENTE	O SURREIRO	21
314	360160205	PONTEVEDRA	DOZÓN	O CASTRO	126
315	360171902	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	A ESTRADA	8386
316	360173206	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	O REDONDO	87
317	360172805	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	PARAFITA	40
318	360180406	PONTEVEDRA	FORCAREI	FORCAREI	468
319	360180303	PONTEVEDRA	FORCAREI	LOUREIRO	75
320	360180601	PONTEVEDRA	FORCAREI	O BARRIO	39
321	360190101	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	A ALÉN DE ARRIBA	117
322	360190301	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	FONDO DE VILA	149
323	360190304	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	RIAL	109
324	360210805	PONTEVEDRA	GONDOMAR	A GÁNDARA	208
325	360230109	PONTEVEDRA	GUARDA, A	SALGUEIRÓ	155
326	360242707	PONTEVEDRA	LALÍN	LALÍN	10881
327	360244809	PONTEVEDRA	LALÍN	ZOBRA	42
328	360250203	PONTEVEDRA	LAMA, A	CAMBESES	60
329	360260709	PONTEVEDRA	MARÍN	SEIXO	789
330	360270209	PONTEVEDRA	MEAÑO	PONTE DENA	356
331	360300506	PONTEVEDRA	MONDARIZ	MONDARIZ	939
332	360330901	PONTEVEDRA	MOS	O CASAL	330
333	360350611	PONTEVEDRA	NIGRÁN	A RAÑA	130

Nº	Código INE	Provincia	Concello	Entidade	Poboación
334	360350503	PONTEVEDRA	NIGRÁN	CON	239
335	360360304	PONTEVEDRA	OIA	AS MARIÑAS	130
336	360360307	PONTEVEDRA	OIA	O PORTO	332
337	360360106	PONTEVEDRA	OIA	TORROÑA	135
338	360370203	PONTEVEDRA	PAZOS DE BORBÉN	O POUISIÑO	160
339	360430709	PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS	1002
340	360390306	PONTEVEDRA	PORRIÑO, O	A GRAÑA	121
341	360471706	PONTEVEDRA	RODEIRO	RODEIRO	328
342	360480216	PONTEVEDRA	ROSAL, O	MARZÁN	392
343	360480229	PONTEVEDRA	ROSAL, O	PORTECELO	115
344	360490406	PONTEVEDRA	SALCEDA DE CASELAS	LOUREIRO	101
345	360522207	PONTEVEDRA	SILLEDA	PORTODABALDE	27
346	360521309	PONTEVEDRA	SILLEDA	SANTA MARIÑA	29
347	360523008	PONTEVEDRA	SILLEDA	SILLEDA	3345
348	360541302	PONTEVEDRA	TOMIÑO	CIMADEVILA	164
349	360541422	PONTEVEDRA	TOMIÑO	O SEIXO	1304
350	360541428	PONTEVEDRA	TOMIÑO	VILAR	213
351	360550502	PONTEVEDRA	TUI	A DEVESA	89
352	360560402	PONTEVEDRA	VALGA	CIMADEVILA	60
353	150890302	PONTEVEDRA	VEDRA	O CASTRO	99
354	360573002	PONTEVEDRA	VIGO	MARCOSENDE	323
355	360571431	PONTEVEDRA	VIGO	VILAR	316
356	360592809	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	A SENRA	65
357	360592003	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	O OUTEIRO	97
358	360592007	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	SULAGO	44
359	360590705	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	VILAR	33
360	360580112	PONTEVEDRA	VILABOA	SAXOSA	269
361 (*)	150300001	A CORUÑA	CORUÑA, A	A CORUÑA	214744
362 (*)	150780001	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	81695
363 (*)	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	90584
364 (*)	320540001	OURENSE	OURENSE	OURENSE	98898
365 (*)	360380001	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	63599
366 (*)	360570002	PONTEVEDRA	VIGO	VIGO	202090

(*) Estación fixa de comprobación técnica de emisións de servizos de comunicación audiovisuais televisivos